


**MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA  
DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN  
DA LINGUA GALEGA  
CURSO 2022-2023**



Durante o curso 2022/2023, ademais do asesoramento en materia lingüística dirixido ao claustro, á Dirección e a todos os membros da comunidade educativa do centro, leváronse a cabo, en colaboración co Equipo de Biblioteca e con outros departamentos, como se detalla a continuación, as seguintes actividades:

- **Día das Escritoras** (18 de outubro). Exposición de doce fichas sobre outras tantas escritoras en lingua galega e castelá nun panel na entrada do instituto. Actividade levada a cabo na materia de Proxecto Interdisciplinar de 1º e 3º ESO en colaboración co equipo da biblioteca e mais o EDLG. Outubro.



- **Obradoiro Didáctico de Regueifa** destinado ao alumnado de 2º ESO, impartido por Kike Estévez, organizado en colaboración coa Asociación ORAL de Galicia e financiado pola Deputación de Pontevedra. Outubro e novembro.

24 de outubro tivo lugar o 1ª xornada do obradoiro para 2º A e B ESO no paraninfo e o 7 de novembro a segunda. Aínda que nun principio foran escollidas oito alumnas para asistir ao certame provincial de Valadares, logo comunicáronnos que o noso centro non fora escollido.



• **Samaín. Finais de outubro.**

- Concurso de cabazas e de relatos de medo.



**CONCURSO LIBRARIAS DE ALUMNOS DE 1º e 2º BACHILLERATO**  
**tema: "Relatos de medo"**  
*Victor Hugo "El Quijote"*

- Está convocado a participar neste concurso, de carácter voluntario, todo o alumnado do IES Santa Irene.
- Habera dúas categorías:
  - Modalidade I: 4º de ESO, 1º e 2º Bachillerato.
  - Modalidade II: 1º, 2º e 3º de ESO.
- O alumnado interesado escribirá un relato que presente as seguintes características:
  - Será un relato orixinal de terror ou de misterio.
  - Incluirá título.
  - Admíranse relatos escritos a man e mecanografiados.
  - Poderá estar escrito en galego ou en castelán.
  - A extensión máxima non superará as dúas caras.
- Co fin de garantir a imparcialidade por parte do xurado, gardarase o anonimato do escrito presentado a concurso, para o cal é indispensable que:
  - O texto estea asinado cun pseudónimo e se introduza nun sobre grande no que se escribirá a modalidade na que se participa (vid. punto 2 destas bases).
  - Nun sobre pequeno, pechado, introducirase o nome real do alumno ou alumna. Este sobre pequeno meterase, a súa vez, dentro do sobre grande, coa narración que se presenta neste certame.
- Quedarán inmediatamente descalificados aqueles escritos que presenten fallos de ortografía, os que por defectos de forma (caligrafía, marxes...) resulten ilegíbles e os que non respondan aos requisitos anteriormente descritos (non garden o anonimato, non se axusten á temática...).
- O sobre co traballo e o nome real do participante será entregado na Biblioteca do instituto. Non se recollerán aquí as narracións que se presenten con posterioridade a esta data.
- O relato gañador de cada modalidade recibirá un vale de 30 euros para canxear na librería Nobel.
- A **Biblioteca do instituto** terá lugar no **martes 2 de novembro** do día **2 de novembro** na Biblioteca do instituto.



- Decoración de medo para ambientar o concurso de cabazas e mais o de relatos dirixido a todos o alumnado do centro. Libros de medo nas vitrinas.



- **Charla: A lingua galega: unha oportunidade” a cargo de Manuel Núñez Singala** no auditorio do Concello. Organizado polo departamento de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. Dirixido a alumnado de 1º BAC E. Novembro.



- **25N Día da Eliminación da Violencia contra a Muller (25 de novembro).**



Exposición de libros, novela e ensaio, que tratan o tema da violencia de xénero. Actividade promovida pola Biblioteca escolar e mais o EDLG en colaboración coa materia de Proxecto Competencial onde o alumnado preparou unha recensión sobre os libros escollidos. Ademais ás 12 da mañá do 25N todo o alumnado e profesorado do centro saímos ao

patio cunha pancarta para gardar un minuto de silencio polas mulleres falecidas por violencia machista e o alumnado de Oratoria leu un manifesto e un poema. Este acto foi organizado por Vicedirección. Novembro.

- **Nadal.** Decembro.

- **Homenaxe polo centenario do nacemento de Luz Pozo Garza**, profesora do noso centro nos anos 80 do pasado século. Exposición no vestíbulo con fotos, poemas, portadas dos seus libros e breve biografía da autora. Preparación a cargo de alumnado de 3º ESO C. Ademais elaborouse unha ficha en que debían completar información a través da lectura e visionado do cartel.



- **Participación na escolla da Palavra do Ano 2022** promovida desde o Portal das Palabras coa colaboración da RAG.




O alumnado de 3º ESO deseñou unhas cartolinas coas seis palabras finalistas que colocamos polos tres andares do centro, para animar a todo alumnado e persoal docente e non docente a votar pola palabra preferida, como unha actividade que contribúe a tomar conciencia sobre certos temas

de grande importancia este ano nas vidas de todas e todos. Eles votaron na aula por medio dos seus teléfonos móbiles. Finalmente a palabra do Ano foi **comadre**, daquela durante a primeira semana de xaneiro deixouse o cartel que a representaba.

- Elaboración de **postais de Nadal** con mensaxe (carta persoal, poemas ou letras de panxoliñas) para residencias de anciáns da nosa contorna. Foron elaboradas por alumnado de distintos niveis durante as clases de materias como Tecnoloxía, Lingua Galega e Literatura, Historia ou Francés. Reunimos 160 postais que primeiro estiveron expostas na biblioteca escolar e logo enviamos á Residencia do Meixoeiro, a Santa Marta e aos Hermanos Misioneros de Teis.





- **Postais con recomendacións lectoras** para o alumnado e persoal docente e non docente do instituto de cara ás vacacións de Nadal.



- . **Postal de felicitación ao Claustro.** Tarxeta realizada por

Vicedirección.



- Difusión entre o alumnado de concursos literarios en galego como o Minerva, do Colexio Peleteiro de Santiago, ou o Concurso de recitado dun poema de Manuel María ou Rosalía de Castro promovido pola Casa Museo Manuel María.

**.Día da Ilustración** (30 xaneiro): Obradoiro de ilustración a cargo de José Antonio Puras, profesor do noso centro, ao alumnado de 1º e 2º ESO.

Subscrición á revista de banda deseñada O Papagaio que vai estar dispoñible na biblioteca e mais no departamento de LGL para disposición do seu profesorado. Xaneiro.


- **Día da Paz** (30 xaneiro). actividade sobre a Paz. Lembranza das guerras activas no mundo. Xaneiro. O alumnado de 3º ESO elabora por parellas unhas fichas sobre 20 conflitos activos no mundo co obxectivo de tomar conciencia de que hai máis guerras que a de Ucraína e mais da necesidade de buscar a paz. Exposición no

vestíbulo do seu traballo. Colabora departamento de Xeografía e Historia. O alumnado de 1º e 2º ESO tamén fai unha exposición cos traballos realizados na materia de Proxecto Interdisciplinar onde buscaron textos breves sobre a paz.



• **Día do Amor. 14F.**

- Os departamentos de Lingua Galega, Lengua Castelá, Latín, Grego, Inglés e Francés, Filosofía e Ed. Física achegaron poemas cos que decoramos os corredores do centro. Tamén preparamos unhas copias de cada poema en A5 para que toda a comunidade educativa puidese collelos. Ademais ese día léronse algúns deses poemas nas clases e comentáronse.



o inexperto  
 que ben sabes, amor novo,  
 os teus bicos son mazás do inverno,  
 nacidas para gardar entre a roupa  
 á calor da lencería  
 debaixo da saia  
 e eu devezvo  
 por levar o teu arrecendo nas costuras

María Lado

14F Día do Amor e a Amistade  
 IES Santa Irene

Sonnet CXVI

Let me not to the marriage of true minds  
 Admit impediments. Love is not love  
 Which alters when it alteration finds,  
 Or bends with the remover to remove:

O, no! it is an ever-fixed mark,  
 That looks on tempests and is never shaken;  
 It is the star to every wandering bark,  
 Whose worth's unknown, although his height be taken.

Love's not Time's fool, though rosy lips and cheeks  
 Within his bending sickle's compass come;  
 Love alters not with his brief hours and weeks,  
 But bears it out even to the edge of doom.

If this be error and upon me proved,  
 I never writ, nor no man ever loved.

Que nunca máis no enlace leal de dúas almas  
 admita impedimentos. Non sente amor bastante  
 quen muda decontado se ve que hai mudanzas,  
 ou tende a distanciarse de quen está distante.

¡Oh, non! o amor é un faro por sempre inalterable,  
 que observa a tempestade e nunca se intimida,  
 estrela sempre fixa que guía o barco errante,  
 da que o valor se ignora por alto que se mida.

Co amor non xoga o tempo, aínda que fazulas  
 e labios mozos segue a foice máis severa,  
 coas horas e semanas o amor non se demidia,  
 pois ata a fin dos días resiste e persevera.

Se a min poden porbarme que nisto ando errado,  
 eu nada levó escrito, ningún foi nunca amado.

William Shakespeare

14F Día do Amor e a Amistade  
 IES Santa Irene

• **Charla de M. Núñez Singala** (16 de febreiro) “A lingua galega: unha oportunidade” dirixida ao alumnado de 1º e 2º de Bacharelato. Contou que o bilingüismo dos galegos prepara para comunicárense con millóns de persoas, que a nosa lingua está máis presente no mundo do que *a priori* pensamos; que siga existindo a lingua galega depende de nós, de que a falemos, pois con ela vai a nosa historia e a nosa peculiar maneira de ver e entender o mundo; que falala non implica deixar de falar outras; que debemos aprender a nos guiar por nós mesmos e nós mesmas. Contribuíu a desmontar prexuízos que aínda pexan a nosa sociedade.



• **Entroido**. 17 de febreiro.

- Exposición no centro sobre o entroido tradicional en Galicia feita a partir do traballo nas clases do alumnado de 1º e 2º da ESO. Houbo ordes do Meco durante a semana previa ao entroido.



- Concurso de disfraces e postres de entroido. O profesorado preparou unha coreografía co último éxito de Shakira en galego mentres ían disfrazados de madamas e galáns, segundo o entroido tradicional de Cobres, Vilaboa.



• **Día de Rosalía** (23 de febreiro).

- Participamos na proposta da AELG #cumpriuseaxustiza e #rdc\_23 polo que en 3ºESO realizamos carteis con imaxes sobre guerras actuais, migración... Con eles preparamos un mural no vestíbulo ao que achegamos libros da autora. Ademais lemos o manifesto e algúns poemas da autora nas clases.



- Non se realizou o Concurso de fotografía inspirada nos poemas de Rosalía, nin o Recital de Rosalía nas aulas de 1º de BAC. a cargo do do profesor Xabier Xil Xardón que estaban previstos por problemas de axenda.
- Charla coloquio de [Jasper Nao](#) e Patty Castro “**Rosalía de Castro na música actual**” para 3º ESO e 1º BAC. 24 de febreiro a 6ª hora. Os ponentes presentaron versións actuais de poemas rosaliáns e recitaron varios poemas da autora.





- **Día da Muller (8 de marzo).**

- Vicedirección decorou o vestíbulo do centro cun cartel sobre esta efeméride. e cun mapa da cidade de Vigo con indicación de vinte rúas con nome de mulleres ilustres. Sobre elas e outras, o alumnado da ESO buscou información e preparou unhas fichas.



- **Charla “O sistema electoral español”** do profesor de Ciencias Políticas e Sociais da USC Bran Barral para 1º BACH. (9 de marzo).



- **Charla “Cortegal. Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico”** impartida pola profesora e doutora en Filoloxía Galega da USC Maruxa Álvarez de la Granja, dirixida ao alumnado de 2º Bacharelato (10 de marzo).



- **Participación no Concurso de recitado *Rosalía sempre viva*** promovido pola Casa-Museo Manuel María de Outeiro de Rei, Lugo. Van dous alumnos de 1º Bacharelato recitar os poemas “Xan” e “Tecín soia a miña tea” de Rosalía de Castro (11 de marzo).



- **Charla “O galego nas redes sociais”** por parte de Borxa González, creador da web *Orgullo Galego*, presente en varias redes sociais. Actividade dirixida a 4º ESO e 1º de Bacharelato. (15 marzo).



- **Día da Poesía (21 de marzo).**

- Charla do poeta Antonio García Teijeiro, exalumno do instituto, actividade para 1º e 2º ESO. Algunhas alumnas leron ou recitaron poemas seus. O poeta lembrou a súa traxectoria como profesor e como poeta, recitou algúns poemas de Federico García Lorca, Antonio Machado, Rafael Alberti, Rosalía de Castro e Manuel María, ademais dalgúns seus. Ao final houbo tempo para que o alumnado lle fixese preguntas.



- **Celebración da I Semana da Ciencia IES Santa Irene. 3ª semana de abril.** Actividade promovida polo departamento de Bioloxía coa colaboración de Matemáticas, Física e Química, Ed. Plástica e Biblioteca e EDLG. Realizáronse actividades (experimentos, roteiros de plantas...), exposicións (táboa periódica de mulleres científicas, constelacións, libros de divulgación científica...), obradoiros (papiroflexia) e conferencias (Jorge Mira, Sandra Bolaño e Carlos Spuch) onde se utilizou o galego e o castelán.

• **Sem  
a do  
Libro  
(18-22  
abril).**



an  
de

- Realizouse unha feira de intercambio de libros entre o alumnado e o profesorado do centro. Alumnas de 1º e 2º ESO disfrazadas de personaxes de novela foron as encargadas de supervisalo nos recreos.



- Exposición de libros da biblioteca

do noso centro. Non realizado.

- Botica Xosé Luís Méndez Ferrín, inspirada na Piccola Farmacia Letteraria de Florencia. Actividade de prescrición literaria dirixida a todo o alumnado, aínda que se traballará na clase nalgúns cursos da ESO. Este ano cambiouse pola Feira de intercambio de libros.

• **Viaxe a Padrón e Santiago.** Ruta rosaliana, Museo do Pobo Galego e MUPEGA para alumnado de 1º Bacharelato. Non puido implementarse por problemas de axenda.

• **Semana das Letras Galegas.**

- Exposición dos carteis conmemorativos do Día das Letras Galegas dedicado a Francisco Fernández del Riego. A alumnado da ESO por grupos deberá cubrir unha ficha sobre o autor mentres visita a exposición, tamén están dispoñibles Kahoot para realizar na clase sobre unha biografía do autor e mais un cómic.



• **Charla-concerto “Música e evolución” de Pablo Carpintero e Rosa Sánchez** en colaboración do departamento de Música. Actividade para 2º e 3º ESO. Charla en que se falou da importancia da música e o seu acompañamento ao ser humano de todas as culturas, tamén se analizaron os instrumentos tradicionais desde os máis humildes e sinxelos, aqueles que formaron parte dos xogos infantís ata os máis complexos, todo aderezado con cuestións antropolóxicas que explican certos comportamentos universais en xeral e galegos en particular. Maio.





- **Charla da asociación estudantil Erguer.** Charla para concienciar da situación da lingua galega e sobre os estereotipos do galego, para que o alumnado poida rachar con eles, porporcionando exemplos de novas figuras referenciais que realizan con total normalidade as súas actividades en galego (produtoras audiovisuais, artistas gráficas, creadores de contido nas redes sociais, poetas, divulgadoras, etc). Non puido realizarse por problemas de axenda, mais pensamos que quedou compensada coa charla de Borxa González de Orgullo Galego celebrada en marzo.

- **Excursión a Celanova.** O alumnado de 2º, 3º e 4º ESO (40 alumnos e alumnas) visitou a igrexa do mosteiro de San Rosendo onde recibiron unha clase maxistral de órgano de tubos e tocaron frutas e xilófonos xunto a Marisol Mendive, a primeira profesora de órgano de Galicia, hoxe xubilada. Fixeron un roteiro literario onde leron poemas de Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, visitaron a Casa dos Poetas e o instituto de Celanova, onde puideron ver a súa biblioteca lugar escollido tamén para recitar mentres un dos nosos alumnos tocou o piano que alí había. Tamén tiveron oportunidade de estar na aula que se utilizou como lugar de gravación da serie de NETFLIX *A desorde que deixas*, baseada na novela homónima escrita en castelán polo escritor celanovés Carlos Montero, famoso guionista de series televisivas. Pola tarde aínda visitaron Vilanova dos Infantes e Castromao. Actividade organizada polo departamento de Música e EDLG.



#### • Fin de Curso. Xuño.

- Representación a cargo do grupo **Teatro Spasmo** do IES Santa Irene, creado durante o curso 1990-1991, formado por alumnado do centro e dirixido pola profesora, Mariña Río Mallo, Licenciada en Interpretación na

ESAD de Vigo e ex-alumna. Estrearon dúas obras que representaron en horario lectivo varias veces para todo o alumnado do instituto e un día pola tarde para toda a comunidade escolar, nomeadamente familias. A lingua galega é a lingua vehicular dende os inicios do grupo. Daquela contribuímos economicamente para realizar o folleto das obras representadas: *Catacroc* con alumnado de 1º e 2º ESO e *O cianuro só ou con leite?* cos maiores.



Outras actividades que se levaron a cabo no noso centro e se desenvolveron en galego, foron:

- **Evento solidario** en favor da **Asociación Antía Sueiro** adicada a axudar ás persoas con parálise cerebral e outras discapacidades motoras e ás súas familias. O evento tivo lugar no paraninfo do instituto o 4 de novembro. Consta de dúas actuacións: "Magia en la manga" de Óscar Fernández e concerto de Uxía Senlle e Sérgio Tannus. Actividade aberta a toda a comunidade educativa, alumnado e familias, persoal docente e non docente. Promove Asociación Antía Sueiro e Vicedirección. Outubro





- **Actividade do alumnado de Oratoria de 2º de ESO.** Titulouse “Rosalía sempre” e consistiu nun espectáculo parateatral con percorrido pola ideoloxía da autora e recitado de poemas referidos ás características que se salientaban da súa obra. O elenco estaba formado por 13 alumnos que ían disfrazados de época e aderezaron o seu espectáculo con música e luces. O espectáculo foi representado no paraninfo para o alumnado de 1º ESO. Abril.



- **Actividade de Xeografía e Historia en 2º e 3º ESO.** Inmobiliaria de venda de castelos. Esta foi unha das moitas actividades levadas a cabo nesta materia, todas elas en galego.



### • Club de lectura

Roteiros literarios en galego:

A liña "Club Manga" participou en dúas quedadas de club manga en Vigo.

No mes de marzo levaron as súas presentación ao IES Álvaro Cunqueiro de Vigo. (Poden verse fotos no balance do blog).

O 14 de abril asistiron á quedada manga no IES Valadares de Vigo. (Poden verse fotos no balance do blog que está no apartado anterior).

A liña "Grupo de Adultos" fixo unha petición de libros interbiblioteca co IES de Mos, para poder levar a cabo a lectura de A Praia dos Afogados, que tamén lían, o grupo de "novela actual".

A liña "Grupo de Adultos" e o grupo de "novela actual" fai un roteiro literario pola ruta de A Praia dos Afogados, actividade promovida polo Concello de Nigrán.

Descricións das rutas literarias realizadas:

A liña "Grupo de Adultos", fixo a súa ruta o 16 de maio e a liña de "novela actual" fíxoas o 31 de maio. Durou 2 horas e sae da Praia da Madorra, onde aparece o cadáver. Sigue no porto de Panxón, onde está a taberna O refuxio do Pescador. Logo vaise ao Templo Votivo do Mar de Antonio Palacios, onde Leo Caldas se entrevista co párroco. Máis tarde vaise a península de Monteferro para ver Punta Lameda, onde aparece fundido o barco e finalmente conclúe no Monumento á Marina Univesal.

Enderezo electrónico do blog ou espazo web do club de lectura:

Utilízase o blog da biblioteca "a cova máxica" para facer balance trimestral do que se ía facendo no club e así animar a máis rapaces.

Primeiro Trimestre:

<http://acovamaxica.blogspot.com/2022/12/club-de-lectura-santa-irene-balance-do.html>

Segundo Trimestre:

<http://acovamaxica.blogspot.com/2023/04/balance-club-de-lectura-santa-irene-2.html>

Terceiro Trimestre:

<https://view.genial.ly/647369af30e41c00127cd4e1/presentation-copia-club-de-lectura-ies-santa-irene-2o-trimestre>

Vigo, 27 de xuño de 2023


Co visto e prace de

Araceli González Andrade

Nuria Veiga Quicler

Coordinadora EDLG

Directora do IES Santa Irene



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**